



Excursión na Torre de Hércules.

**A Familia está sempre presente.
É tal a devoción familiar que o
abrangue en todo acto e en todo
momento, que remata por ter unha
verdadeira dependencia de abrigo
e afecto dos seus como se fose un
exercicio de acorro do que xa se vai
vendo imposible de prescindir a medida
que pasa o tempo.**

MANUEL LUGRÍS RODRÍGUEZ

É neto de Manuel LUGRÍS Freire. Desempeñou o seu labor profesional na compañía subministradora de auga que fundara o seu avó na Coruña. Así mesmo desenvolve labores de correspondente de *A Nosa Terra*.



O ESPACIO FAMILIAR DE *Manuel Lugrís Freire*

Manuel Lugrís Rodríguez

*T*odo ser humano, sexa eminente, famoso ou anónimo, deposita a súa meirande e básica mediatización individual, no contorno da familia, dándolle este nome á parentela máis próxima e que ten un decisivo influxo no seu comportamento público e, mesmo, na súa proxección persoal en tódolos ámbitos da vida. Isto é, por dicilo dalgún xeito, como unha base de datos ímos e primarios, que configuran a relación que logo mantén co seu entorno e co seu xeito de actuar sen que, por elo, pódase deducir doadamente en que termos e en que circunstancias maniféstase a connotación de familia e o que significa e representa. E, máis que nada, un sutil verniz que, na superficie do carácter, transluce o que máis profundamente está impreso na propia diferenciación característica.

Ven a conto este longo parágrafo como introducción do que sinala o título en referencia ó espacio familiar do meu avó, Manuel Lugrís Freire de quen citarei algunhos aspectos do seu carácter e as índoles máis salientables da persoalidade así como as trabes que xustifican e explican a natureza deste carácter nunha visión relativa á súa obra literaria e á acción común que tivo coma manifesto do que significou a impronta familiar na integración do seu mundo íntimo e na andaina como home público. Non é unha sinxela escolma de testemoios ou anecdótico, senón a panorámica de síntese entre as vertentes exterior e privada non claramente desomelladas, como sería doado pensar nunha vida tan ateigada de paixón e calor humano e, por outra banda, inseridas a unha na outra, de tal xeito, que as veces están a confundirse non soamente na práctica

Da súa vida en Galicia, antes de emigrar a Cuba, compre falar do descubrimento da entidade patriótica en simbiose coa mesma Natureza e a familia, singularmente a súa nai, que representan un referente de estabilidade e acougo naquela vida que xa comeza a ser intensa en actividade diversa e anxeios de superación.



O seu matrimonio, con Concepción Orta, unha beleza nativa, representa a presenza dun novo escenario de vivencias persoais. Unha primeira filla falecida prematuramente compénsase, mais tarde, co nacemento de outra á que chamará Socorro, como a súa nai, e á que amaría profundamente ó longo de toda a súa vida.



Con Socorro, filla do primeiro matrimonio.

habitual e cotián, senón na súa obra e, nomeadamente, no poemario que se converte así nun excelente termómetro das súas medias temperamentais.

Unha grande carga de posicionamento historicista da familia, tratada por él en parte, quizais en fantasiosa reflexión, como dunha linaxe ou aboenza determinada que, asemade, está a integralo na condición de individuo e que, consecuentemente, serve para se somir no tronco da máis grande familia popular que compón o substracto humano da súa Terra. Deste xeito, home, familia e país constitúen o mesmo corpo e conseguen isa dimensión espacio-temporal globalizadora que será constante sostén do seu pensamento.

Da súa vida en Galicia, antes de emigrar a Cuba, comprende falar da delicada situación en que se atopa a familia coa perda do pósito que rexentaba o pai no porto de Sada e a residencia na veciña localidade de Soñeiro, así como o seu primeiro emprego de escriban no Concello de Oleiros que asina a imbricación coa paisaxe e o sentir da Terra no decurso daqueles longos desprazamentos a pé pola campiña mariñá e o descubrimento da entidade patriótica en simbiose coa mesma Natureza e a familia, singularmente a súa nai, que representan un referente de estabilidade e acougo naquela vida que xa comeza a ser intensa en actividade diversa e anxeios de superación.

Dinamizada con retallos da vida familiar, está a súa viaxe a Cuba. Alí acólleo, xa instalado na illa, o seu irmán Plácido que lle serve de ponte entre o pasado máis privado e un presente que se agoira coma difícil e imprevisible. Aprende del os principios técnicos da teneduría de libros contables que haberán de servirlle para subsistir nun ambiente hostil e difícil como é o da emigración en terra extraña e, máis aínda, no futuro para desenvolver o seu traballo na Compañía subministradora de auga potable á cidade de A Coruña, da que é un dos fundadores e accionista.

Nas Antillas, amais do seu labor profesional e a entrega sen condicións á causa galeguista nos terreos cultural, asociativo e político atópase, na distan-



cia, coa realidade do seu país e a súa problemática que considera indivisible en termos particulares e colectivos o que lle patentiza a cultura patria como motor de rexeneración do proceso de cambio material e moral de Galicia e a necesidade de utilizalo como ferramenta útil no proceso de construción nacional que xa valora como imprescindible. Pero ten, decote, na súa mente, as imaxes da nai e da súa irmá Isolina que ficaran en A Coruña. Emocionadas cartas e, mesmo, primixenias compostións poéticas, son testemuñas deste amor tan profundo que non resarce con ningunha das múltiples actividades que desenvolve e os relativos éxitos que colleita na vida social da emigración cubana, aínda por riba de diverxencias familiares a raíz do seu segundo matrimonio e que magoarían no máis fondo do seu ser, sobrelevando este amargor en silencio até o último día da súa vida.

O retorno á Galicia márcase coa morte da primeira esposa no 1.899, a consecuencia, segundo parece, dun parto. Feito que o ensume nunha profunda depresión e que o leva, segundo fontes aceptadas como certas a preto, mesmo, do suicidio, quizais compostura dun serodio romanticismo que aínda estaba presente na sociedade galega da época. Era o amor que sentía por Conchita, como lle alcumaba cariñosamente, a causa desta grave doenza da ialma que fica perfectamente reflexada no seu poemario de "Noitebras" en varias compostións que teñen como motivo a lembranza pola esposa desaparecida e os escuros sentimentos que lle provoca

a súa perda. Son momentos decisivos en que difícilmente atopa acougo á súa mesma esencia de home e so a entrega febril que fai da expresión pública conseguen, paseniño, devolve-lo á realidade dunha existencia que aínda está a comeza-la súa andaina vital. A Escola Rexional de Declamación, na que funda o teatro galego en prosa e que repre-



Interven na fundación da Asociación da Prensa coruñesa, onde entáboa amizade co pintor Urbano González Varela, a través do que coñece á irmá Pura, profesora de música no Conservatorio coruñés e que sería a súa segunda muller coa que casa no ano 1901, logo dun efémero noivado e que resulta se-la compañeira definitiva para o resto dos seus días.

senta varios dramas da súa autoría, o sindicato Solidaridad Gallega, a obra escrita que lle rouba horas de descanso, a dedicación profesional como fundador e primeiro empregado da Empresa "Aguas de La Coruña, S.A."

A partires desta data, vive en diversos domicilios alugados da cidade, traballa na devandita empresa de "Aguas", ten cinco fillos máis que estudan nas posibilidades da súa posición social e económica, e desenvolve unha intensa vida pública acorde con aquela personalidade vital, ardida, anxeiosa e mesmo, as veces, derrancada, que lle permite ser protagonista nos feitos máis importantes ocorri-



**A súa vida familiar
está tamizada polos
diversos avatares que
conleva a convivencia
normalizada dun
matrimonio calquera
daquel entón.**



Cos seus fillos Manolo e Secundino.

**Nas Antillas,
amais do seu
labor profesional
e a entrega sen
condicións á causa
galeguista nos
terreos cultural,
asociativo e
político atópase,
na distancia, coa
realidade do
seu país e a súa
problemática que
considera indivisible
en termos
particulares e
colectivos o que lle
patentiza a cultura
patria coma motor
de rexeneración do
proceso de cambio
material e moral de
Galicia**

dos na Galicia nas primeiras décadas do século XX: a criazón da Academia da Lengua da que será o seu presidente na época da Segunda República, das Irmandades da Fala, do Partido Galeguista, o a vinda da República, o Estatuto de Autonomía, e sen esquecer o traballo máis recollido da súa produción literaria, a entrada na masonería, e así outras diversas actuacións que puideramos considerar menores como a intervención nos sindicatos gremiais, o ingreso no Seminario de Estudos Galegos, no Instituto Portugués do Minho, o enorme labor oratorio en mítines e innumerables conferencias, a divulgación sen descanso da dignificación da nosa lingua en tódolos terreos e en tódalas circunstancias, etc. Lugrís ten durante máis de trinta anos consecutivos, unha omnipresencia case permanente na meirande parte dos aconteceres da vida social, política e cultural de Galicia, acontecementos que van conformando a praxe de país que hoxe entendemos como tal. Son tempos nos que está a renacer unha nación e como taes convulsivos e difíciles.

E a familia estará sempre presente. Para mostra servan dúas apreciacións. O día 25 de xullo de 1929, celébrase en A Coruña o acto de izar, por vez primeira na cidade a bandeira galega no balcón do Concello. Acto no que Lugrís tivo a máis destacada preponderancia e ao que asiste cos grandes persoeiros do galeguismo local. A continuación celébrase, nun merendeiro próximo, un almorzo de confraternidade ó que insiste en acudir coa súa muller e cos seus fillos. Asemade o 14 de xullo de 1934 ten lugar no Salón de Sesións do mesmo Concello o ingreso de Castelao coma membro da Academia e Lugrís quere que a súa dona esté presente, immortalizando a ocasión cunha fotografía en que aparecen ambos dous franqueando ó esgrevio rianxeiro. E tal a devoción familiar que o abrangue en todo acto e en todo momento, que remata por ter unha verdadeira dependencia de abrigo e afecto dos seus como se fose un exercicio de acorro do que xa se vai vendo imposible de prescindir a medida que pasa o tempo. E coma un achego e cobexo do que non acaba



Ten cinco fillos máis que estudan nas posibilidades da súa posición social e económica, e desenvolve unha intensa vida pública acorde con aquela personalidade vital, ardida, anxeiosa e mesmo, as veces, derrancada, que lle permite ser protagonista nos feitos máis importantes ocorridos na Galicia nas primeiras décadas do século XX.



substituto con ningún outro aditamento. Sente o seu espírito aluido, como esquimado coa presenza dos seus a así séntese máis sostido, amparado.

Os últimos anos da súa vida, xa enfermo e agochado, coa manta de inverno e o medo inmerxido nos miolos, pasan nun triste gabinete que mira cara ó Orzán coruñés nos estertores da liberdade que se esvae ente fusilamentos e o sangue cruel da guerra e a represión. Dous fillos mobilizados en bandos distintos, todos os acedumes do corpo e a mente concentrados no amarguexo sobrevivir diario, sen apenas esperanza e morta toda ilusión. A súa muller e a filla Pilar constitúen a derradeira compañia naquel inmenso piso de case douscentos metros cadrados que se enche de somas e pavoría nas noites eternas dos anos bélicos. O piano, que toca a súa dona é case un elemento sensible e a única nota de humanidade que percibe dende a mecedora en que achúmbase nas horas acaido e agardando o final que sucede en febreiro

de 1940, nun célebre día de nubes espesas e virazón mareiro que mesmo semella leva-lo seu espírito lonxe do inferno en que vive desde xullo de mil novecentos trinta e seis. Naqueles días, amalado xa fisicamente, a rebelión fascista, adoenta súa ialma de xeito definitivo e mesmo os acordos da “Negra Sombra” que fuxen daquel piano, son como unha rachadela ferinte que lle obrigan a solicitarlle á súa dona Pura de que non interprete máis a obra do mestre Montes.

Finalmente as forzas abandonárono e deixouse levar pola morte. E así, nunha invernosa mañá, Lugrís foi soterrado no cemiterio de San Amaro de A Coruña, dentro do espacio familiar de que denantes falabamos, pois tivo a derradeira compañía dos seus fillos e do frío corisco que sopraba dende o cercano océano en recendos de salgado perfume dos seus versos que pairaron entre o azul daquel ceo que se vestira de festa para recibilo nun receso da desgracia e da tristura.

A súa muller e a filla Pilar constitúen a derradeira compañia naquel inmenso piso de case douscentos metros cadrados que se enche de somas e pavoría nas noites eternas dos anos bélicos. O piano, que toca a súa dona é case un elemento sensible e a única nota de humanidade que percibe dende a mecedora en que achúmbase nas horas acaido e agardando o final que sucede en febreiro de 1.940



TERESA LÓPEZ

Doutora en Filoloxía Hispánica (Galego-Portugués) e profesora titular de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. Entre as súas publicacións, destacan os libros *Névoas de antano. Ecos dos cancións galego-portugueses no século XIX* (1990), *O neotrobadorismo*

(1997), *Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda* (2000) e a edición d'*A costureira d'a aldea* de Manuel Lugrís Freire (no prelo). Ten colaborado en diferentes revistas especializadas principalmente con artigos sobre literatura galega contemporánea. Na actualidade é Decana da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña.